

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Rodolfo Prada, a Lois Tobío Fernández do 22/12/1967

Colección:

Data: 22/12/1967

De:

Rodolfo Prada;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Santiago de Chile (local), Santiago (rexional), Chile (nacional)

Destino:

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: RODOLFO PRADA/Constitución 4246/Buenos Aires].

Mencionados:

Florentino López Alonso-Cuevillas; Manuel Puente;

Notas do editor:

Aínda que no membrete da carta aparece o enderezo de Rodolfo Prada en Bos Aires, polo que di na misiva atópase de vacacións en Chile por iso o enderezo de orixe da carta.

Notas legais:

Este documento pertence ao Fondo documental e fotográfico Lois Tobío, conservado no Consello da Cultura Galega por doazón de Constanza Tobío.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Rodolfo Prada, a Lois Tobío Fernández do 22/12/1967

RODOLFO PRADA
CONSTITUCIÓN 4246
Buenos Aires

Santiago (Chile): 22 Nadal 1967.

Señor,
D. Luis Tobío
Ma. de Guzmán 54 - 4º - B. a.
Madrid.3.

Ben querido amigo:

Eiquí estou en terras chilenas a pasar as clásicas festas coa miña muller na compañía dos nosos fillos e netos. Deixei por uns días o trafego de Bos Aires eo recargo de labouras e preocupacións –de orde comercial e de orde patriótico– e aproveito iste folgo pra respostar a súa tan prezada carta datada o 20 do derradeiro outubro e tamén seu garimoso christman do 30 de San Martiño. E prègolle perdoarme a tardanza.

Amostrei súa carta a Don Manuel e tanto èle como eu agradecemos moitísimo o intrès e boa vountade de colaboración que vostè espresa.

Imposto ampramente Don Manuel das tan atinadas consideraciòn que vostè fai encol da impresiòn de 3º volùmne da Ha. de Ga., andaba a estudar o camiño a seguir –o de Barreiro ou o de Galaxia– cando sufriu un accidente: rexa caida nunha rúa por fuxir dun auto que se lle viña enriba e como consecuncia frita dun brazo. Foi disgracia con sorte, pois a cousa poido ser fatal, xa que logrou eludir ser tumbado e esmagallo por lo coche. Daí que xa se non ocupou máis da cuestiòn. Agora, felismente, xa vai estando casi repostado e cando eu volte a Bos Aires, a mediados de xaneiro, verei de que tome definitiva decisiòn. A mìn me parece que a via Galaxia è a máis doada e comenente pra mellor seguranza do coidado da edizòn. Penso que, o ùneco incomenente apuntado por vostè, –desemellanza de tipos de imprenta–, non pode sere de importancia. Teño conservado desemellanzas en obras importantes de moitos volùmens editados moi espaciadamente. Don Manuel, por razòs de boa cantidade de fondos que ten naquil pais (Uruguai) semi-broqueados, amostraba incrinaciòn pola via Barreiro. Acocho espranzas de o poder incrinar por Galaxia. Nin ben elo se resolva escribirei a vostè. Na mentras, dun xeito ou de outro, sería comenente que vostè fose revisando os orixinaes do traballo de Cuevillas complementado por Taboada a ouxeto de uniformar ortografía, etc.-

Inda que xa lle envie tarxeta cos saudos de Nadal e Aninovo, pràceme reiterarlle meus mellores desexos de felicidade navideña e de moi ventureiro ano 1968 na compañía dos seus.

Reciba fortes apertas do seu decote amigo,

Rodolfo Prada [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.